

O Areixa de #Nigrán e o C.B. #Baiona inician un proxecto deportivo conxunto.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 11 Agosto 2015 10:50



Dous clubs cunha amplísima traxectoria no baloncesto do Val Miñor, o C.B. Baiona e o C.B. Airexa de Nigrán, deciden unir as súas forzas.

Froito desta unión crearanse 4 equipos (Airexa-Baiona ou Baiona-Airexa) nas categorías Cadete Masculino, Cadete Feminino, Junior Masculino e Junior Feminino.

Sinalan que igualmente seguirán ampliando a canteira deportiva por separado, con nenos e nenas dos seus respectivos municipios.

O proxecto conxunto presentouse Pavillón Municipal de Baiona o pasado luns 10 de agosto.